Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O tesouro da Torre dos Mouros

Na parroquia de Francos, concello de Guntín (Lugo), existen unhas ruínas que chaman A Torre dos Mouros. Xunto destes restos atópase unha fonte de augas termais con propiedades curativas que aparece e desaparece segundo se encontre nese momento o nivel do río (río Miño) e que din son moi boas para case todos os males . Parece ser que en tempos acudía xente de moitos lugares de Galicia a beber daquelas augas.



Dita torre esta chea de trampas e pasadizos segredos. Un destes túneles atravesa todo o río por baixo e era por onde os mouros escapaban cara os bosques próximos se vían nalgún perigo.

No interior da torre -nun agocho segredo baixo unha enorme rocha de granito que, segundo dicían, tiña unha argola para tirar dela e poder levantala- é onde os mouros gardaban as arcas repletas de ouro e prata.

Contan que fai anos chegaron uns homes da cidade e ofreceron os mozos do pobo unha forte suma a cambio de que entraran no compartimento segredo da torre na procura do tesouro. A cousa foi que ninguén se atreveu

debido as numerosas trampas e a que a zona está cheíña de serpes velenosas.

O irmán de quen transmite esta lenda (que de estar vivo agora contaría con 80 anos) contaba que vira "cos seus propios ollos" preto da Torre de Mouros una serpe tan xigantesca que ben podería tragar a un home de un bocado.

[Texto remitido por Luísa, de Lugo, en maio de 2016, segundo información transmitida oralmente por Domingo Vázquez López, de Casa Ribeiro de Leboriz]